

Últimas observacións para a proba do sábado 25/02/12, para antes, durante e despois da carreira, que complementa o boletín 1:

Para antes: o acceso máis próximo dende a saída da A6, segundo está sinalado no boletín 1, é liña continua, co cal, cumprindo coas normas de tráfico, o desvío á esquerda máis próximo para acceder á zona de competición estará uns 300 metros máis adiante; de todos xeitos sinalizárase correctamente.

Dado o elevado número de participantes inscrito, débese lembrar o feito de que non hai un área habilitada de estacionamento de vehículos e que na presaída haberá que estar 10 minutos antes da hora establecida.

Para durante:

1. AVISO!! zona de **paso prohibido**: trátase de propiedades privadas nas que non existe unha barreira (muro, valo, valla de arame) que impida o acceso físico na maior parte do seu perímetro; aínda así, **non se debe traspasar en ningún caso**, tendo en conta, entre outros, a existencia de cans de garda nelas.

2. IMPORTANTE información técnica para **percorridos 2, 3 e 4**; para o achegamento á penúltima baliza hai **dúas** posibles eleccións de rumbo, ambas a través de zonas encharcadas que, se ben son incómodas para o tránsito, son pasables; nunha destas opcións, haberá sinalización con cinta **sobre o terreo** (ollo!!!, non no mapa) indicando que é zona **recomendada** de paso, a través de vexetación basta e en parte terreo anegado. De acordo co sinalado no punto anterior, **recordade que en ningún caso se pode facer uso da zona prohibida indicada no mapa para aproximarse a esa baliza**. A decisión de sinalizar este paso tomouse pola Organización tendo en conta o nivel técnico destes percorridos e o non haber un límite definido sobre o terreo adaptado para eles.

Para despois: todos os percorridos agás o de iniciación curta (percorrido 1) pasan nalgún momento por unha zona pantanosa, co cal é máis que recomendable dispoñer de calzado e roupa de recambio ao finalizar a carreira.